

AVALIACIÓN COMPETENCIAS

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Na clase de 4.º ESO estudan dúas rapazas moi interesadas nas ciencias da saúde. Son Maruxa e Leonor.

Acaban de estudar a teoría celular e decatáronse de que a vida non vai a saltos, senón que é un continuo fluír, que as grandes estruturas se forman a partir doutras máis pequenas. O exemplo definitivo obtivérono ao coñecer a orixe das células eucariotas.



1. Que nome recibe a teoría máis admitida hoxe en día para explicar a orixe das células eucariotas e quen a enunciou?

- a. Teoría celular de Schwann.
 c. Teoría endosimbótica de Lynn Margulis.
- b. Teoría endosimbótica de Schwann.
 d. Teoría celular de Lynn Margulis.

2. Maruxa non o ten moi claro e pregúntase cal das seguintes frases é correcta cando falamos de mitocondrias en relación coa teoría anterior.

- a. Son procariotas fotosintéticos.
 c. Viven en simbiose con outros orgánulos formando as células eucariotas.
- b. Levan unha vida totalmente independente da célula onde se encontran.
 d. Son procariotas que fan a respiración celular.

3. Maruxa está explicándolle a Leonor as diferenzas entre eucariotas e procariotas e propónlle que complete esta táboa.

Orgánulo	Procariota	Eucariota animal	Eucariota vexetal
Paredes celulares			
Mitocondrias			
Cloroplastos			
Pili			
Cápsula			
Ribosomas			
ADN			
Núcleo			
Centríolos			
Nucléolo			

4. E agora Leonor pídele á súa amiga que relacione unha serie de orgánulos coa súa función biolóxica máis importante.

Orgánulo	Función
Membrana plasmática •	• Digestión intracelular.
Ribosomas •	• Síntese e transporte de proteínas.
Reticulo endoplasmático rugoso •	• Síntese de proteínas.
Reticulo endoplasmático liso •	• Síntese de lípidos.
Centríolos •	• Fotosíntese.
Lisosomas •	• Organización de microtúbulos.
Mitocondrias •	• Control da entrada e saída de moléculas.
Cloroplastos •	• Respiración celular.
Aparello de Golgi •	• Terminación da síntese de certas proteínas.